



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUROS

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto de la Resolución de la alcaldía número 124/2025 de 11 de febrero de aprobación de la convocatoria para la concesión de subvenciones a la rehabilitación de edificios y viviendas en el entorno residencial de rehabilitación programada (ERRP) del núcleo histórico de Muros

BDNS (Identif.): 814404

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/814404>)

Beneficiarios de las ayudas

Tal y como se define en la Bases reguladoras, podrán ser beneficiarios de estas ayudas:

Las personas propietarias o usufructuarias de viviendas unifamiliares aisladas o agrupadas en fila y de edificios existentes de tipología residencial de vivienda colectiva, así como de sus viviendas, bien sean personas físicas o bien personas jurídicas de naturaleza personal.

Las comunidades de personas propietarias conforme al dispuesto por el artículo 5 de la Ley 49/1960, del 21 de julio, sobre propiedad horizontal.

Las personas propietarias que, de forma agrupada, sean propietarias de un edificio que reúnan los requisitos establecidos por el artículo 396 del Código civil y no hubieran otorgado el título constitutivo de propiedad horizontal, así como las comunidades de bienes o cualquiera otro tipo de unidad económica o patrimonio separado que, aun careciendo de personalidad jurídica, puedan llevar a cabo las actuaciones que motiva la concesión de la subvención.

Las sociedades cooperativas compuestas de forma agrupada por personas propietarias de viviendas o edificio que reúnan los requisitos establecidos en el artículo 396 del Código civil, así como por las personas propietarias que conforman comunidades de personas propietarias o constituidas conforme al dispuesto en el artículo 5 de la Ley 49/1960, del 21 de julio, de propiedad horizontal, y por cooperativas en régimen de cesión de uso de sus viviendas.

Las empresas arrendatarias o concesionarias de los edificios, así como cooperativas que acrediten esta condición, mediante contrato vigente, que les otorgue la facultad expresa para acometer las obras de rehabilitación objeto del programa

Objeto

Convocar, en régimen de concurrencia competitiva, las ayudas a las actuaciones de rehabilitación a nivel de barrio en el ERRP del Conjunto Histórico de Muros, previstas en el Real Decreto 853/2021, del 5 de octubre, por lo que se regulan los programas de ayuda en materia de rehabilitación residencial y vivienda social del Plan de recuperación, transformación y resiliencia (BOE Núm. 239, del 6 de octubre) con la finalidad de financiar obras o actuaciones en que se obtenga una mejora acreditada de la eficiencia energética, de conformidad con el acuerdo nº 13 de la comisión bilateral firmado el 11.05.2023.

Bases reguladoras

Las bases reguladoras de las presentes ayudas están publicadas en el BOP núm. 236 del 9 de diciembre de 2024 "https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/12/09/2024_0000008694.pdf" y en el tablero de anuncios de la sed electrónica del Ayuntamiento de Muros: sede.muros.gal.

Cuantía

La cuantía máxima de las ayudas se determinará atendiendo al coste subvencionable y al porcentaje de ahorro energético conseguido con la actuación, segundo el establecido en la base 9 de las bases generales reguladoras, que deberá ser como mínimo del 30%. La cuantía base podrá llegar hasta el 80% del coste subvencionable, con una cuantía máxima de 21.400 € por vivienda, en caso de que el ahorro energético alcanzado sea mayor el igual al 60%.

Teniendo cuenta el convenio firmado, en aquellos casos en los que haya que proceder a la retirada de elementos con amianto, se podrá incrementar la cuantía máxima de la ayuda, hasta un máximo de 1.000,00 € por vivienda o 12.000,00 € por edificio.

Plazo de presentación de solicitudes

Podrán presentarse las solicitudes de subvención en el plazo de 2 meses desde el día siguiente a la publicación de la presente convocatoria en el BOP de A Coruña.

Los modelos de solicitud, como del resto de la documentación, se facilitarán en la Oficina Municipal de Rehabilitación, situada en la Casa del Ayuntamiento, (Teléfono 981 826 050); y también serán publicados en el tablero de anuncios de la sed electrónica del Ayuntamiento de Muros (<https://sede.muros.gal>). Asimismo, los modelos de solicitud están publicados junta con las bases reguladoras en el BOP del 9 de diciembre de 2024.

Si transcurrido este plazo, las solicitudes recibidas no agotan la cuantía presupuestaria, el citado plazo quedará abierto para la presentación de otras solicitudes hasta el agotamiento del crédito presupuestario, lo cual será objeto de publicación en la sed electrónica del Ayuntamiento de Muros, otorgando las ayudas por orden de solicitud, toda vez que las obras deben finalizadas y justificadas antes del 30 de junio de 2026.

Muros

12/2/2025

La alcaldesa, María Lago Lestón

Extracto da Resolución da Alcaldía numero124/2025 de 11 de febreiro de aprobación da convocatoria para a concesión de subvencións á rehabilitación de edificios e vivendas no entorno residencial de rehabilitación programada (ERRP) do núcleo histórico de Muros.

BDNS (Identif.): 814404

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/814404>)

Beneficiarios das axudas

Tal e como se define na Bases reguladoras, poderán ser beneficiarios destas axudas,

a) As persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e de edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, así como das súas vivendas, ben sexan persoas físicas ou ben persoas xurídicas de natureza privada.

b) As comunidades de persoas propietarias conforme ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.

c) As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias dun edificio que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil e non tivesen outorgado o título constitutivo de propiedade horizontal, así como as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actuacións que motiva a concesión da subvención.

d) As sociedades cooperativas compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificio que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou constituídas conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, e por cooperativas en réxime de cesión de uso das súas vivendas.

e) As empresas arrendatarias ou concesionarias dos edificios, así como cooperativas que acrediten esta condición, mediante contrato vixente, que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto do programa

Obxecto

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio no ERRP do Conxunto Histórico de Muros, previstas no Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (BOE Núm. 239, do 6 de outubro) coa finalidade de financiar obras ou actuacións en que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, de conformidade co acordo nº 13 da comisión bilateral asinado o 11.05.2023.

Bases reguladoras

As bases reguladoras das presentes axudas están publicadas no BOP nº 236 do 9 de decembro de 2024 "https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/12/09/2024_0000008694.pdf" e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Muros "sede.muros.gal".

Contía

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo subvencionable e á porcentaxe de aforro enerxético conseguido coa actuación, segundo o establecido na base 9 das bases xerais reguladoras, que deberá ser como mínimo do 30%. A contía base poderá chegar ata o 80% do custo subvencionable, cunha contía máxima de 21.400 euros por vivenda, no caso de que o aforro enerxético acadado sexa maior o igual ao 60%.

Tendo en conta o convenio asinado, naqueles casos nos que haxa que proceder á retirada de elementos con amianto, poderase incrementar a contía máxima da axuda, ata un máximo de 1.000,00€ por vivenda ou 12.000,00€ por edificio.

Prazo de presentación de solicitudes

Poderán presentarse as solicitudes de subvención no prazo de 2 meses desde o día seguinte á publicación da presente convocatoria no BOP da Coruña.

Os modelos de solicitude, como do resto da documentación, facilitaranse na Oficina Municipal de Rehabilitación, situada na Casa do Concello, (Teléfono 981 8260509); e tamén serán publicados no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Muros (<https://sede.muros.gal>). Así mesmo os modelos de solicitude están publicados xunta coas bases reguladoras no bop do 9 de decembro de 2024

Se transcorrido este prazo, as solicitudes recibidas non esgotasen a contía orzamentaria, o citado prazo quedará aberto para a presentación doutras solicitudes ate o esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Muros, outorgando as axudas por orde de solicitude, tendo en conta que as obras deben finalizadas e xustificadas antes do 30 de xuño de 2026.

Muros

12/2/2025

A alcaidesa, María Lago Lestón

2025/1044